

### SORTEO CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG do 18 de setembro de 2024), realizarase proximamente neste centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación de todos os sectores da comunidade educativa na vida do centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto e integrada por:

- A directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo, que será público** e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo día **18 de outubro, venres, ás 12:00 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa **candidatura** para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións e prazos que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Cambre, 11 de outubro de 2024.

A directora do centro



Asdo.: Laura Casal Berdeal